

B A N D O

Celebramos hoxe a Ofrenda Nacional ao Apóstolo Santiago e o Día de Galicia nunha cidade que acolle a festa grande de Santiago e de toda a Comunidade Autónoma. Compostela amosa o magnífico espectáculo das súas prazas e rúas ateigadas de visitantes e peregrinos, chea de voces e rostros chegados de todos os currunchos de Europa, que se engaden ás voces e rostros festivos da cidade anfitrioa.

Cumprimos agora catro anos da designación formal de Santiago de Compostela como capital de Galicia polo Parlamento, en representación da vontade colectiva do pobo galego, nun momento no que a redacción dun novo Estatuto de Galicia vai propiciar a definitiva designación estatutaria. Na actualidade todas as forzas políticas representadas na Cámara galega amosan o seu consenso á hora de designar a Santiago de Compostela Capital de Galicia e sede das súas institucións, un feito que xa é unha realidade dende a instauración da Autonomía. Neste día de Galicia congratulámonos diante deste feito. Asemade, neste mesmo senso, agradecemos a acertada designación pola súa maxestade o Rei do Presidente do Goberno Galego para a Ofrenda ao Apóstolo Santiago nesta nova etapa histórica.

Sexa pois este día grande das nosas festas, no que concorren nas rúas composteláns a pluralidade de pareceres dun pobo que atesoura cultura e futuro común ademais do compartido amor por Galicia, a homenaxe da Capital a todos os cidadáns, galegos e galegas, que se senten universalmente representados por Compostela.

X. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela